



**Concello de
Oleiros**

**MOCIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL DA “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS”
INSTANDO O GOBERNO DO ESTADO A APROBAR UNHA REFORMA NA
LEXISLACION DO SOLO HIPOTECARIO**

A crise golpeou gravemente a milleiros de familias con créditos e préstamos hipotecarios contratados en España (referenciados na súa gran maioría a tipos de interese variables). A propia oscilación de tipos, unida ás particulares circunstancias económicas da actualidade están a provocar un auténtico drama social.

En época de tipos baixos, que poderían chegar a supoñer un alivio ás economías familiares, os consumidores non poden beneficiarse das baixadas debido a unhas cláusulas engadidas nos seus préstamos que limitan a variación á baixa dos tipos de interese impedindo, con grande alarma social, a translación efectiva da redución dos tipos de interese oficiais.

A sentenza do 9 de maio de 2013 do Tribunal Supremo determinou a nulidade das cláusulas solo en contratos de préstamo hipotecario, pero as entidades non condenadas nesta sentenza continúan aplicando ditas cláusulas, o que xera unha indesexable situación, como é a pervivencia nunha grande parte do sector hipotecario español dunha cláusula acreditada como nula.

Porén é necesario establecer os mecanismos legislativos oportunos para emendar a situación descrita, evitando un importante aumento da litixiosidade e da carga do sistema xudicial e clarificando tanto o panorama xudicial como a situación de milleiros de hipotecados.

Por todo o dito, o goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” do Concello de Oleiros solicita do Pleno da Corporación que se adopte o acordo seguinte:

Primeiro.- Solicitar do Goberno do Estado a aprobación da emenda de adición ó Real Decreto legislativo 1/2007 que se transcribe:

“* Engadir un novo apartado 7 ó art.87 co seguinte teor:

7.- Aquelas estipulacións que en contratos de préstamo ou crédito de garantía hipotecaria nos que o ben hipotecado sexa a vivenda familiar, fixen un límite á variación do tipo de interese contratado e reúnan alomenos unha das características seguintes:

- a) Que solo se fixara un límite á baixada de tipos, pero non se contemple no contrato ningún límite para a subida dos mesmos.



**Concello de
Oleiros**

- b) Que o límite establecido á baixada dos tipos de interese sexa igual ou maior ó 40% do valor do índice de referencia aplicable no intre de contratación que figure no contrato.
- c) Que a diferenza entre o límite fixado no contrato para a alza e a baixa dos tipos de interese sexa igual ou maior a 4 puntos.

A partires do intre de entrada en vigor deste apartado todos aqueles préstamos mencionados no punto primeiro que teñan saldo pendente de amortización axeitarán a aplicación dos límites establecidos ó previsto neste artigo e o xustificarán documentalmente sen que a devandita adecuación teña custo algún para o consumidor. A eliminación da cláusula abusiva surtirá efectos económicos na cota do mes seguinte á entrada en vigor deste apartado.”

Segundo.- Dar traslado da presente moción ó Goberno do Estado, ó da Xunta de Galicia; ó Banco de España e a ADICAE GALICIA (Asociación de usuarios de Bancos, Caixas de Aforro e Seguros de Galicia).